



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E UN DE XUÑO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 31)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Pablo Rivera Capón

D. Lino Rodríguez Ónega

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e un de xuño de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen-se os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os Sres. Deputados D. Álvaro Santos Ramos e D^a. M^a del Pilar García Porto.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CATORCE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de xuño de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE PANTÓN, SOLICITANDO NOVA PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Pantón, no que solicitan prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018, acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.



O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2018.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 26-10-2018 acordouse unha primeira prórroga ata o 31 de marzo de 2019, e en data 29-03-2019, a Xunta de Goberno acordou unha segunda prórroga ata o 30 de xuño de 2019.

A Alcaldía do concello indicado solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

Concello de Pantón

O concello de Pantón incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

PANTÓN	181	IDENTIFICACIÓN	SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN VILAMELLE, INCLÚIDO HONORARIOS				
		FINANCIACIÓN	106.829,17	15.325,21	122.154,38		X
	182	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN MARCE, REBEIRAS DE MIÑO, EIRÉ, PANTÓN E FERREIRA, (segundo coordenadas UTM), INCLÚIDO HONORARIOS				
		FINANCIACIÓN	65.629,03	0,00	65.629,03		X
	183	IDENTIFICACIÓN	REALIZACIÓN DE POZO PARA SUBMINISTRO DE AUGA PARA O CAMPO DE FÚTBOL, INCLÚIDO HONORARIOS				
		FINANCIACIÓN	11.979,00	0,00	11.979,00		X
	184	IDENTIFICACIÓN	ADECUACIÓN E MELLORA NA PISCINA E NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAIS				
		FINANCIACIÓN	17.100,00	0,00	17.100,00		X

A Alcaldía do Concello de Pantón, a través de escrito con rexistro de entrada, de data 17 de xuño de 2019 solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que

consta no expediente e que en síntese indica “ ... está en fase de licitación sin que se prevea que poida ser adxudicada .. non se conta con todas as autorizacións (...) ” ata os prazos que se sinalan:

INVESTIMENTO		CONCELLO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN		
181	SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN VILAMELLE, INCLUÍDO HONORARIOS	PANTÓN	30-08-2019
183	REALIZACIÓN DE POZO PARA SUBMINISTRO DE AUGA PARA O CAMPO DE FÚTBOL, INCLUÍDO HONORARIOS		30-08-2019

Tendo en conta a solicitude da Alcaldía do concello de Pantón, así como os motivos que aduce, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan único 2018, “os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2018. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello”.

Visto o conta o informe da Secretaria Xeral, de data 20 de maio de 2019, sobre a situación xurídica dos membros da Corporación respecto á celebración de eleccións municipais, do que se deu conta á Xunta de Goberno en sesión de 24 de maio de 2019, atopámonos ante un suposto de “administración ordinaria”. Trátase dun suposto dos denominados no devandito informe como “zona de certeza” do concepto xurídico indeterminado “administración ordinaria”, con encaixe, en concreto, nos “actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores, que traduzan en termos operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xerais ou acordos corporativos.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga ao Concello de Pantón para a adxudicación e formalización, de proceder, dos contratos dos referidos investimentos, concretos e numerados, incluídos no Plan único 2018, e ata o prazo solicitado.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Pantón, e, en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación do investimento indicado deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (anexo III ou IV).

INVESTIMENTO		CONCELLO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN		
181	SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN VILAMELLE, INCLUÍDO HONORARIOS	PANTÓN	30-08-2019
183	REALIZACIÓN DE POZO PARA SUBMINISTRO DE AUGA PARA O CAMPO DE FÚTBOL, INCLUÍDO HONORARIOS		30-08-2019

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE BARALLA E SOBER, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Baralla e Sober no que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018, acordouse a aprobación das Bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas

Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello ...”. Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se relacionan:

Concello de Baralla

O Concello de Baralla presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
15	MELLORA DO VIARIO DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO NÚCLEO DE PIÑEIRA, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1531 762	13.771,50€
16	MELLORA DO VIARIO DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO NÚCLEO DE CONSTANTÍN, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1531 762	7.443,94€
17	MELLORA DO VIARIO DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO NÚCLEO DE FERREIROS, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1531 762	5.708,54€
18	MELLORA DO VIARIO DE TITULARIDADE MUNICIPAL NOS NÚCLEOS DE TRASPENA E SANAMEDE, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	2018 1531 762	10.465,57€
19	AGLOMERADO DO MERCADO DE GANDO DE BARALLA, INCLUÍDO HONORARIOS	2018 4312 762	1.828,88€



Así mesmo, por escrito de data 15 de xuño de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MELLORA DOS ACCESOS AO NÚCLEOS DE FERREIROS, GUNDIÁN, VILARELLO E RECESSENDE, INCLÚIDOS HONORARIOS	1531 76255	37.389,55€	--	37.389,55€
EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS NO MERCADO DE GANDO DE BARALLA	4312 76255	1.828,88€	--	1.828,88€

Concello de Sober

O Concello de Sober presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
274	MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN ROSENDE, INCLÚIDO HONORARIOS	2018 1610 762	91,50€
275	AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO ATA O CAMPO DO SAN MIGUEL, INCLÚIDO HONORARIOS	2018 1610 762	109,40€
276	MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN OUTEIRO E RIBAS, INCLÚIDO HONORARIOS	2018 1610 762	126,69€
277	MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN VILLOSCURA, INCLÚIDO HONORARIOS	2018 1610 762	15.372,00€
278	MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL EN O TARO, VILABALDE, PRADOS, XANIMOL E VELEIGAZ, INCLÚIDO HONORARIOS	2018 1610 762	10.704,38€

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 22 de abril de 2019, incluíuse con cargo a remanentes, a solicitude do Concello, a seguinte actuación:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
INSTALACIÓN DE ABASTECIMENTO AO NÚCLEO DE CAMPORRAIRO, INCLÚIDO HONORARIOS	1610 76255	26.403,97€	--	26.403,97€

Así mesmo, por escrito de data 17 de xuño de 2019, o concello comunica que “... o citado proxecto presenta un erro grande nas medicións, polo que non é posible proceder a súa

adxudicación e execución”, polo que solicita a aplicación das baixas no novo proxecto que adxunta, co mesmo título, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
INSTALACIÓN DE ABASTECIMENTO AO NÚCLEO DE CAMPORRAIRO,	1610 76255	26.403,97€	6.542,52€	32.946,49€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan único 2018, “Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial...”.

Visto o informe da Secretaria Xeral, de data 20 de maio de 2019, sobre a situación xurídica dos membros da Corporación respecto á celebración de eleccións municipais, do que se deu conta á Xunta de Goberno en sesión de 24 de maio de 2019, atopámonos ante un suposto de “administración ordinaria”. Trátase dun suposto dos denominados no devandito informe como “zona de certeza” do concepto xurídico indeterminado “administración ordinaria”, con encaixe, en concreto, nos “actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores, que traduzan en termos operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xerais ou acordos corporativos.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo respectivo concello, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Baralla e Sober e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento que deseguido se indica co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

IDENTIFICACIÓN	CONCELLO	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MELLORA DOS ACCESOS AO NÚCLEOS DE FERREIROS, GUNDIÁN, VILARELLO E RECESSENDE, INCLUÍDOS HONORARIOS	BARALLA	1531 76255	37.389,55€	--	37.389,55€
EXECUCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS NO MERCADO DE GANDO DE BARALLA		4312 76255	1.828,88€	--	1.828,88€
INSTALACIÓN DE ABASTECIMIENTO AO NÚCLEO DE CAMPORRAIRO,	SOBER	1610 76255	26.403,97€	6.542,52€	32.946,49€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE ACORDO INTERPRETATIVO EN RELACIÓN COAS INCIDENCIAS XURDIDAS NA XUSTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN INCLUÍDAS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018 AO ABEIRO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación coas incidencias producidas na xustificación de actuacións incluídas polos concellos de Trabada, Triacastela e Pantón, no programa de Actividades deportivas, que se traslada

a este servizo a través de informe do Xefe de Servizo de Deportes, en data 11 de xuño de 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018.

A base 3 sinala: “Con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan único 2018 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2018...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as actuacións que se sinalan.

Concello de Trabada

Concello de Trabada incluíu no programa de actividades Deportivas do Plan único 2018, a seguinte actividade:

IMPORTES PLAN ÚNICO 2018				ACTIVIDADE
CONCELLO	CANTIDADE DESTINADA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO OU OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	
TRABADA	3.725,06	0,00	3.725,06	ACTIVIDADES MULTIDEPORTE E CARREIRA POPULAR

Segundo se indica no informe do Servizo de Deportes, no relativo á xustificación das actuacións, pola Intervención reflíctese informe de incidencias, xa que as accións acreditadas na conta xustificativa refírense unicamente a actividades multideporte, non constando as relativas á carreira popular.

Concello de Triacastela



Concello de Triacastela incluíu no programa de actividades Deportivas do Plan único 2018, a seguinte actividade:

IMPORTES PLAN ÚNICO 2018				ACTIVIDADE
CONCELLO	CANTIDADE DESTINADA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO OU OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	
TRIACASTELA	5.700,00	0,00	5.700,00	TRAIL, XORNADA DE CONFRATERNIDADE DE CAZADORES, CURSO NATACIÓN E XIMNASIA DE MANTEMENTO

Segundo se indica no informe do Servizo de Deportes, no relativo á xustificación das actuacións, pola Intervención reflíctese informe de incidencias, xa que as accións acreditadas na conta xustificativa refírense unicamente a trail, xornada de confraternidade de cazadores e curso de natación, non constando as relativas á ximnasia de mantemento.

Concello de Pantón

Concello de Pantón incluíu no programa de actividades Deportivas do Plan único 2018, a seguinte actividade:

IMPORTES PLAN ÚNICO 2018				ACTIVIDADE
CONCELLO	CANTIDADE DESTINADA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO OU OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	
PANTÓN	15.000,00	0,00	15.000,00	XIMNASIA DE MANTEMENTO, ZUMBA, ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAESCOLARES, ACTIVIDADE MULTIDEPORTIVA, II TRAIL RIBEIRA SACRA, XVIII CARREIRA POPULAR RUTA DO ROMÁNICO

Segundo se indica no informe do Servizo de Deportes, no relativo á xustificación das actuacións, pola Intervención reflíctese informe de incidencias, xa que as accións acreditadas na conta xustificativa refírense a ximnasia de mantemento, zumba, pilates, patinaxe, actividades deportivas extraescolares, actividade multideportiva, II Trail Ribeira Sacra, XVIII Carreira Popular Ruta do Románico, non coincidindo na súa denominación coas aprobadas no plan.

Consta no expediente informe do Servizo de Deportes, no que, entre outras consideracións precisa "... nos tres casos indicados, as incidencias detectadas na conta xustificativa non afectan á

consideración de accións de gasto corrente de actividades deportivas, tal e como se determina no plan”.

O Servizo de Deportes entende que cumpriría “... 1.- Tomar en consideración as incidencias indicadas de acordo coas contas xustificativas formuladas, e referidas aos concellos de Trabada, Triacastela e Pantón, respectivamente, de acordo cos fins, filosofía e obxectivos previstos nas Bases do Plan Único, e en consecuencia do exposto anteriormente, proceder á aplicación aos casos descritos, e sempre que se cumpra a finalidade crediticia-, do previsto na disposición adicional quinta relativa á competencia da Xunta de Goberno para a interpretación e a resolución das dúbidas do Plan Único que puidesen xurdir. 2.- Aplicar tal consideración e interpretación a todas aquelas contas xustificativas do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2018, que puidesen incorrer nas mesmas circunstancias de acordo cos fins, filosofía e obxectivos previstos nas Bases do Plan Único, e sempre que se cumpra a finalidade crediticia das accións realizadas.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. As xustificacións presentadas polos Concellos, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións xustificadas, se foran proposta antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

Tendo en conta a documentación achegada polos concellos, e o informe do Servizo de Deportes, de ser vontade desta Corporación acceder ao prantexado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno, ao indicarse na disposición adicional quinta: “A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas pola Xunta de Goberno desta deputación”

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público na intervención das administracións públicas, establece o principio de intervención mínima e de proporcionalidade. As administracións deben respectar a súa actuación e relacións os principios de: ... e) boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional; ... h) Eficacia no cumprimento dos



obxectivos fixados; ... k) cooperación, colaboración e coordinación entre as administracións públicas; (...).

Visto o informe da Secretaria Xeral, de data 20 de maio de 2019, sobre a situación xurídica dos membros da Corporación respecto á celebración de eleccións municipais, do que se deu conta á Xunta de Goberno en sesión de 24 de maio de 2019, atopámonos ante un suposto de “administración ordinaria”. Trátase dun suposto dos denominados no devandito informe como “zona de certeza” do concepto xurídico indeterminado “administración ordinaria”, con encaixe, en concreto, nos “actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores, que traduzan en termos operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xenerais ou acordos corporativos”.

Polo que va dito, informase favorablemente a aprobación das contas xustificativas relativas ao programa de actividades deportivas, presentadas polos Concellos indicados, segundo as actividades realizadas e xustificadas.

Así mesmo, de producirse esta circunstancia nas xustificacións presentadas por outros concellos, que estean nesta mesma tesitura, esta interpretación farase extensible a todas aquelas contas xustificativas do Plan Único 2018, sempre que non afecten á consideración de accións de gasto corrente da actividade incluída no programa.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo en relación coa interpretación das bases do plan único 2018:

1º.- Aceptar as contas xustificativas presentadas polos concellos de Trabada, Triacastela e Pantón, segundo as actividades realizadas, toda vez que as incidencias detectadas non afectan á consideración de accións de gasto corrente de actividades deportivas, tal como se determina nas bases.

2º.- Determinar que, de producirse esta mesma circunstancia nas xustificacións presentadas por outros Concellos, que estean na mesma tesitura, esta interpretación se faga extensible a todas

aquelas contas xustificativas do plan único 2018, sempre que non afecten á consideración de accións de gasto corrente da actividade incluída no programa”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DA PLATAFORMA WEB DA AXENCIA DE COLOCACIÓN DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 19 de xuño do 2019, no que se recollen as seguintes antecedentes e consideracións.

Antecedentes

Informe do servizo de novas tecnoloxías.

Informe relativo a necesidade da contratación, insuficiencia de medios e non división en lotes.

Orde de inicio do expediente de contratación.

Solicitude de consignación orzamentaria.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Informe de desagregación de custes.

Prego de prescricións técnicas.



Prego de cláusulas administrativas particulares.

Memoria xustificativa.

Acordo da Xunta de Goberno de data 1 de febreiro do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación e o gasto proposto.

Convite cursado a empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L para presentar oferta.

Minuta da acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 22-03-2019 para a calificación da documentación administrativa (sobre electrónico “A”) presentada, a apertura da documentación contida nos sobre electrónico “B” sobres relativos á oferta técnica e económica e o inicio da fase de negociación , e certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

Convite cursado a empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L para presentar oferta na fase de negociación.

Informe da Sección de Promoción Económica e Emprego en relación á adecuación da oferta técnica ao previsto no PPT.

Proposta presentada pola empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L en relación aos criterios obxecto de negociación.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 15-04-2019, para dar conta do informe da Sección de Promoción Económica e Emprego en relación á adecuación da oferta técnica ao previsto no PPT e da oferta presentada pola empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L en relación aos criterios obxecto de negociación recollidos na cláusula 12 do PCAP.

Requirimento de documentación administrativa cursado á empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017 e que se recolle na cláusula 17 do PCAP.

Documentación presentada pola empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L con data 17 de maio do 2019, en relación ao trámite sinalado no parágrafo anterior.

Requirimento de subsanación da documentación administrativa cursado á empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L en relación á documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017 e que se recolle na cláusula 17 do PCAP.

Documentación presentada pola empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L con data 17 de xuño do 2019, en relación ao trámite sinalado no parágrafo anterior.

Lexislación aplicable.

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspon ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

- Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder a contratación da subministración da plataforma web da axencia de colocación da Deputación Provincial de Lugo.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

A contratación a realizar cualifícase como contrato administrativo de subministración, a tenor do establecido polo artigo 16.3.b) da LCSP que establece que, en todo caso, se considerarán contratos de subministración:

"... b) Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, as súas dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos, en calquera das súas modalidades de posta a disposición, fóra dos contratos de adquisición de programas de computador desenvolto a medida, que se considerarán contratos de servizos. ..."

Obra no expediente informe do servizo de novas tecnoloxías onde se sinala que a contratación que se pretende realizar non ten a consideración dun contrato de servizos posto que non é obxecto do mesmo a adquisición de programas de computador desenvolto a medida ao sinalar que "O sistema informático ofrécese en modo SaaS (Software como servizo), isto é que o sistema está instalado no cloud privado do proveedor e o que se contrata son licencias de uso deste sistema por parte da Deputación que se renovan de forma anual. O habitual en aplicativos que se ofrecen en forma SaaS, e neste caso é así, o que se contrata é a utilización do sistema con máis ou menos funcionalidades por un período de tempo. Trátase por tanto dun contrato de subministración, que se encaixa dentro artigo 16.3.b da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público".

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación), criterios que figuran na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas.



Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención ao sinalado nos informes que obran no expediente do servizo de novas tecnoloxías e da sección de promoción económica e emprego e de acordo co previsto no artigo 168 c) 2. da LCSP, onde se dispón que poderá empregarse o procedemento negociado sen publicidade nos contratos de subministración “Cando se trate de entregas adicionais efectuadas polo proveedor inicial que constitúan ben unha reposición parcial de subministracións ou instalacións de uso corrente, ou ben unha ampliación das subministracións ou instalacións existentes, se o cambio de proveedor obrigase ao órgano de contratación a adquirir material con características técnicas diferentes, dando lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso e de mantemento desproporcionadas. A duración de tales contratos, non poderá, por regra xeral, ser superior a tres anos”.

A este respecto o Servizo de Novas Tecnoloxías que obra no expediente dispón:

“Ademais, consideramos que este suministro entraría nos supostos onde se pode aplicar o procedemento de negociado sen publicidade indicado no artigo 168 da LCSP, en concreto no suposto indicado no apartado c, punto 2º do citado artigo.

Ao contrario de outro tipo de aplicacións onde a compra da licenza ou o desenvolvemento a medida da mesma ten unha inversión normalmente bastante máis elevada que o mantemento posterior, neste tipo de aplicación SaaS, ao non haber instalación, o que se acostuma é a cobrar un prezo de arrendamento por un tempo determinado que normalmente se mantén nos mesmos termos económicos en cada renovación. É preciso renovar de forma periódica estas licenzas de uso para continuar usando a aplicación e acceder ás novas características implementadas.”

Pola súa banda o informe da Sección de Promoción Económica e Emprego di textualmente:

“A vista do difícil que resulta interiorizar novos modelos Tics na busca activa de emprego os colectivos, e a todo o traballo realizado no ano 2017, coas accións xa integradas entre os cidadáns e empresas, en relación o procedemento de inscrición, publicación de ofertas e resultados, sería necesario renovar o mantemento da plataforma da Axencia de Colocación ca mesma imaxe e polo tanto coa mesma empresa coa que se contratou“e polo tanto coa mesma empresa coa que se

contratou o inicio da actividade, polos motivos apuntados na conclusión nº 2 e que se resumen, por unha banda, no feito de que os usuarios da axencia de colocación xa teñen interiorizados as accións necesarias para realizar unha busca adecuada de emprego a través da paxina da Axencia, por que levan un ano traballando coa mesma ferramenta e xa son coñecedores dos modelos e dos procedementos necesarios para a correcta utilización da mesma, e por outra banda o perigo que supón a migración de datos e a continuidade ininterrompida do servizo.”

A contratación non está suxeita a regulación harmonizada, dado o seu importe, consonte ao establecido no artigo 21 da LCSP, desenvolto nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018

Motívase a non división por lotes do contrato en cumprimento do previsto no artigo 99.3 da LCSP, de acordo co sinalado ao respecto no informe da Sección de Promoción Económica e Emprego, onde se di que: “Non procede a división en lotes da presente contratación polo feito de que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulta a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, como son a interrupción de servizo, migración da información ou cambios importantes na interface e usabilidade, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.”

Considerando que, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 1 de febreiro do 2019, cursouse convite con data 25 de febreiro do 2019 á empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L.S.L. para presentar oferta.

Visto que de conformidade coa minuta acta da mesa de contratación de data 22 de marzo do 2019, pola presidencia da mesa infórmase aos asistentes, que segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

LICITADOR	DATA E HORA DE PRESENTACIÓN DA OFERTA
SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L.	10-03-2019 18:57



Tendo en conta que a única empresa concorrente á licitación, tras cursarse polo Servizo de Contratación o oportuno convite, presentou en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre electrónico “A” (documentación administrativa). Resultando que a empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L. presenta a declaración responsable esixida nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinada axustándose en todo o seu contido aos requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas, a mesa de contratación acorda admitir a proposta presentada.

Acto seguido procédese á apertura da documentación contida no Sobre electrónico B do licitador concorrente, relativo á oferta técnica e económica, que segundo o establecido na cláusula décimo cuarta do prego de cláusulas administrativas, deberá incluír a seguinte documentación:

“II. II. Sobre B “Oferta técnica e económica”

Conterá as especificacións técnicas das prestacións a realizar de conformidade co previsto no prego de prescricións técnicas, e o Anexo III, relativo á oferta económica, debidamente cumprimentado. En caso de non presentarse oferta técnica xunto co Anexo III, entenderase que o licitador executará o contido estrito do prego de prescricións técnicas, que en todo caso ten a condición de mínimo.

A oferta económica deberá indicar en partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deberá ser repercutido. Aqueles licitadores que se atopen exentos do Imposto sobre o Valor Engadido polas causas previstas na Lei reguladora de devandito imposto deberán presentar a documentación acreditativa desta circunstancia”

A Mesa de Contratación, tras unha somera análise, comproba que a empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L., achega documento debidamente asinado contendo a oferta técnica, xunto co anexo III (modelo da proposición económica), relativo aos criterios de adxudicación segundo o previsto na cláusula 12 do PCAP (Fase 1 do proceso de valoración de ofertas). O contido do Anexo III e a puntuación outorgada ao licitador concorrente en aplicación do sinalado na mencionada cláusula 12 do PCAP, resúmese na seguinte táboa:

LICITADOR	Anexo III	
	MODELO DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA Fase 1: Criterios de adxudicación	
	A) PREZO (IVE non engadido)	
	OFERTA	PUNTUACIÓN
SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L.	1.600,00 €	0 puntos

Tras a apertura do sobre electrónico B, a Mesa de Contratación adopta os seguintes acordos:

Dar traslado á Sección de Promoción Económica e Emprego, da oferta técnica presentada pola empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L., co obxecto de que por parte de dita unidade se emita informe respecto da adecuación da oferta técnica ao previsto polo PPT.

Iniciar a fase de negociación (Fase 2 do proceso de valoración de ofertas), condicionada á adecuación da oferta técnica presentada pola empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L. ao previsto no PPT de acordo co informe que por parte da Sección de Promoción Económica e Emprego se emita ao respecto..

Con data 15 de abril do 2019, reúnese novamente a Mesa de Contratación, tal e como consta na acta que obra no expediente.

Nese acto, dáse conta do informe da Sección de Promoción Económica e Emprego en relación á adecuación da oferta técnica presentada pola empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L. ao previsto no PPT reitor de dita contratación. O mencionado informe, que obra no expediente, sinala na súa parte conclusiva que “En base ao anteriormente exposto, conclúese, que a oferta técnica presentada pola empresa SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS, S.L. para participar no procedemento de contratación da plataforma web da



axencia de colocación da Deputación Provincial de Lugo, axústase no seu contido ás características técnicas das prestacións a realizar de conformidade co previsto no prego de prescricións técnicas reitor do mencionado expediente de contratación”.

A Mesa acorda, en virtude do mesmo, admitir a proposta presentada polo licitador ao considerar que cumpre coas determinacións establecidas no prego de prescricións técnicas reitor da presente contratación.

Acto seguido procédese a dar conta da proposta presentada pola mercantil SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L., en relación aos criterios obxecto de negociación (Fase 2 do proceso de valoración de ofertas), tras cursarse polo Servizo de Contratación o oportuno convite e responder a empresa dentro do prazo establecido, cos seguintes resultados

LICITADOR	Fase 2: Criterios de negociación	
	-Ampliación do horario de soporte técnico fixado como mínimo no PPT para a resolución de dúbidas e incidencias xurdidas na plataforma	
	OFERTA	PUNTUACIÓN
SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L.	0 minutos	0 puntos

A suma das puntuacións obtidas polo licitador no proceso de valoración (Fase 1 e Fase 2) resúmese na seguinte táboa:

LICITADOR	PUNTUACIÓN FASE 1 (Criterios de adjudicación)	PUNTUACION FASE 2 (Criterios de negociación)	TOTAL
SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L.	0 puntos	0 puntos	0 puntos

Rematados os cálculos para a obtención das puntuacións totais, a mesa de contratación, considerando que a proposta da única empresa concorrente se axusta aos requisitos mínimos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas acorda, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L.	0 puntos

Requirir á empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L., único licitador concorrente no expediente de contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O Sr. Presidente da Excm. Deputación de Lugo aceptou a proposta feita pola mesa de contratación con data 15 de abril do 2019 e consecuentemente, con data 6 de maio do 2019 resolveu requirir á empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L, único licitador concorrente no expediente de contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento, na data do 10 de maio do 2019.

Con data 17 de maio do 2019, a empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L presenta a través da sede electrónica da Deputación de Lugo a documentación requirida no trámite sinalado no parágrafo anterior. Unha vez revisada polo Servicio de Contratación e Fomento a documentación presentada pola mencionada empresa detectáronse defectos susceptibles de emenda. A estes efectos, con data 14-06-2019, cursouse polo Órgano de Contratación de acordo co previsto na cláusula 17 do PCAP, requirimento de emenda da documentación administrativa presentada á citada empresa con indicación da documentación a aportar/emendar. Con data 17 de xuño do 2019, a empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L presenta a través da sede electrónica da Deputación de Lugo a documentación requirida no trámite de emenda.



De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 1.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Todo o anterior, considerando o informe emitido pola Secretaria Xeral da entidade de data 20-05-2019 sobre a situación xurídica dos membros da Corporación respecto á celebración de eleccións municipais, no que se analiza o concepto de administración ordinaria e do cal se deu conta na sesión da Xunta de Goberna da Deputación Provincial de Lugo celebrada o 24 de maio do 2019. Estamos no “halo” de certeza dese concepto xurídico indeterminado “administración ordinaria”, en tanto que esta adxudicación é un acto consecuencia doutros anteriores, como é a propia licitación precedente.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que á empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L., aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación da subministración da plataforma web da axencia de colocación da Deputación Provincial de Lugo, a favor da empresa SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L.

De acordo co previsto no artigo 150.3 da LCSP, nos procedementos negociados, de diálogo competitivo e de asociación para a innovación, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

As prestacións dimanantes da fase de negociación, son as seguintes:

LICITADOR	Fase 2: Criterios de negociación
	-Ampliación do horario de soporte técnico fixado como mínimo no PPT para a resolución de dúbidas e incidencias xurdidas na plataforma
	OFERTA
SERNUTEC, SERVICIOS Y NUEVAS TECNOLOGÍAS S.L.	0 minutos

En consecuencia, os termos definitivos das prestacións a efectuar pola adxudicataria, proceden das esixencias e cumprimento do establecido nos pregos reitores da presente contratación, da oferta inicial e do resultado final da fase de negociación.

O prazo de duración da presente contratación será de 12 meses. Este prazo comezará a contar, desde o día seguinte no que se proceda á sinatura da acta de inicio das prestacións obxecto da presente contratación, ou no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do correspondente contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas. O contrato poderá ser obxecto dunha prórroga de 12 meses, sempre que as súas características permanezan inalterables, de conformidade co establecido no artigo 29 da LCSP.

O contrato adxudícase por importe de 1.600,00 euros, aos que se engadirán 336,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 1.936,00 euros.

Constitúen condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, en cumprimento do artigo 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do prego de cláusulas administrativas particulares. O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais constitúe causa de resolución contractual.

Constitúen condicións especiais de execución sen a cualificación de obrigas contractuais esenciais e cuxo incumprimento permitirá aplicar as penalidades impostas polo órgano de contratación, ás recollidas na cláusula 22.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.



O contratista virá obrigado ao cumprimento da súa oferta inicial e da súa proposta final en relación aos criterios obxecto de negociación, que terá carácter contractual, ao igual que os pregos de condicións reitores, que deberá igualmente cumprir.

2º.- Publicar no perfil do contratante e notificar ao licitador, a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA RELATIVA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES DOS GASTOS E DO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO PREMIO OTERO PEDRAYO, ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Artesanía e Deseño e Educación do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Cultura onde se indica que lle corresponde á Deputación Provincial de Lugo a organización do Premio Otero Pedrayo nesta anualidade 2019.

Visto a existencia de consignación Orzamentaria adecuada e suficiente.

Visto o informe favorable do servizo de Contratación e Fomento.

Visto o informe favorable da Secretaría Xeral.

Visto o informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada delegada de Cultura, en funcións propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a convocatoria e mailas bases que rexerán no Premio Otero Pedrayo, anualidade 2019.

Aprobar o gasto correspondente por un importe de 26.000 € (vinteseis mil euros), segundo o seguinte desglose:

- 16.000 € para a aportación económica correspondente a aboar ao adxudicatario/a do Premio na anualidade 2019.
- 10.000 € correspondentes aos gastos de organización (3.000 euros) e publicidade (7.000 euros) que na anualidade 2019 puidesen ter lugar.

Aprobar a publicación da convocatoria e das bases , segundo o establecido no punto 4.2 das bases do Premio Otero Pedrayo, 2019, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Delegar en Dona M^a del Pilar García Porto, deputada delegada de Cultura en funcións, a representación da Excma. Deputación Provincial de Lugo como membro do xurado do premio “OTERO PEDRAYO 2019”.

Designar a Don Primitivo Iglesias Sierra e a Don Pablo Rivera Capón como vogais do xurado do premio “OTERO PEDRAYO 2019”.

Aprobar o inicio da tramitación para formalizar o correspondente convenio de colaboración coa Xunta de Galicia ao fin de articular a materialización do seu compromiso de aportación anual, por valor de 8.000 euros, nesta convocatoria do Premio Otero Pedrayo, 2019 organizado pola Deputación de Lugo.



Solicitar ás demais deputacións titulares instituíntes do premio para que aproben as bases e para que acorden o seu compromiso de financiamento para esta anualidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIÓN OUTORGADA Á ENTIDADE BENEFICIARIA DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Emprego do seguinte teor:

“Considerando que con data 8 de outubro de 2018 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa Tecendo Emprego, Fase I.

Tendo en conta que o extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 239 do 18 de outubro de 2018.

Considerando que con data 21 de decembro de 2018 a Deputación de Lugo aprobou a relación definitiva de entidades beneficiarias, excluídos e listaxe de perfís e con data 3 de xaneiro de 2019 publicase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 002 a relación definitiva de entidades beneficiarias.

Tendo en conta que a seguinte entidade beneficiaria renuncia parcialmente a subvención outorgada:

Código	Razón social	Subvención	D. Renuncia
2018/TEM_01/000004	Asociación Territorio Verde	18.900,00 €	14/06/2019

Dita Asociación tiña concedido dous perfís, ascendendo o importe total da subvención outorgada a 40.500,00€, renunciando só o posto de peón especialista cuxo importe ascende a 18.900,00 €.

De acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións, así como coas Bases do Programa de Tecendo Emprego propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

Aceptar a renuncia da seguinte entidade:

Código	Razón social	Subvención	D. Renuncia
2018/TEM_01/000004	Asociación Territorio Verde	18.900,00 €	14/06/2019

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 09 de novembro de 2018, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2018, convocado,



mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.095, do xoves 26 de abril de 2018, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

CATEGORIA	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
Actividade Competitiva Federada 2018	Sociedad Deportiva de Pesca Cormorán	Pesca Deportiva	1156
Organizacion De Eventos 2018	Agrupacion Deportiva Xuvenil Milagrosa	Torneo de Tenis de Mesa Fiestas de la Milagrosa "Trofeo Iago Bello y Mención Alfonso Corredoira"	400

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE ACORDO PARA RESOLVER O PROCEDEMENTO PARA A PROVISIÓN DE CINCO PRAZAS DE ADMINISTRATIVOS, DA ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL.

Logo de ver a proposta de Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:

“Celebrado o procedemento selectivo para prover cinco prazas de Administrativo, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservadas a promoción interna vertical, correspondentes á Oferta de Emprego Público para os anos 2014 e 2015, cuxa convocatoria, bases xerais e específicas, se publicaron no BOP número 281 de 9 de decembro de 2016 e no BOP 115, de 22 de maio de 2017; vista a proposta do Tribunal Cualificador, visto que os aspirantes propostos acreditan a documentación á que se refire o punto 11.1 das bases xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos no artigo 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público; esta Presidencia, en representación do Tribunal Cualificador e de

acordo co punto 12.1 das mencionadas bases xerais, proponlle á Xunta de Goberno resolver o procedemento selectivo nomeando a:

Dona Inmaculada Lovelle Varela para ocupar a praza de Administrativo número 42 da escala de administración xeral, subescala administrativa, Grupo C, subgrupo C1, (artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público, EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2015, reservada a promoción interna.

Don Manuel Amable Trabado Trabado para ocupar a praza de Administrativo número 493 da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, Grupo C, subgrupo C1, (artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público, EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2015, reservada a promoción interna.

Don Carlos Ramón Ouro Núñez para ocupar a praza de Administrativo número 831 da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, Grupo C, subgrupo C1, (artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público, EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2014, reservada a promoción interna.

Don Alejandro López Vázquez para ocupar a praza de Administrativo número I146 da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, Grupo C, subgrupo C1, (artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público, EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2014, reservada a promoción interna.

Dona Ana Pereira Marzán para ocupar a praza de Administrativo número I147 da escala de Administración Xeral, subescala Administrativa, Grupo C, subgrupo C1, (artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público, EBEP) do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego 2014, reservada a promoción interna”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta do Auto nº 53/2019 de 30 de abril ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2, na Peza Separada de Medidas Cautelares 117/2018, seguido a instancia da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, S.A. fronte a esta Entidade, polo que se desestima a medida cautelar solicitada por SUPLUSA. A Xunta de Goberno queda enterada.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGLAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.